

GEORGE ELIOT

O veo alzado

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

PRIMEIRA PARTE

Achégase o meu final. Dun tempo a esta parte, sufro ataques de *angina pectoris*, e, a non ser que algo cambie, o médico sostén que non debo esperar que a miña vida se prolongue máis aló duns meses. A menos que unha maldición penda sobre min e que en consecuencia a miña constitución física sexa excepcional –como xa o é a miña personalidade–, non me laiarei durante moito máis tempo da pesada carga desta existencia terreal. Se sucedese doutra maneira, é dicir, se vivise até a idade que a maioría dos homes desexan e prevén, sabería se as miserias da ilusoria esperanza pesan máis ca as da auténtica premonición, pois agoiro cando morrerei e coñezo cada detalle de como transcorrerán os meus últimos momentos.

Dentro de xustamente un mes, o 20 de setembro de 1850, estarei sentado nesta cadeira, neste estudio, ás dez en punto da noite, ansioso por morrer, exhausto con tanto vaticinio e tanto prognóstico, sen ilusións, sen esperanza. Contemplarei unha fachareada azul elevarse entre o lume; o meu quinqué consumirase aos poucos e sentirei unha horrible contracción no peito.

Todo o máis, darame tempo a tirar con violencia da campaña denantes de sentir que abafo. Ninguén responderá á miña chamada. Sei ben o motivo. Cadrará que os meus dous criados, que son amantes, pelexarán. Canto á ama de chaves, marchará apresurada, dúas horas antes de tempo; correrá, enfurecida, esperando que el, Perry, crea que decidiu afogarse. E o home, asustado, sairá tras ela. A limpadora estará durmida enriba do banco: pouco lle ha importar a ela a campaña; durmirá a sono solto. A miña sensación de abafo irá en aumento; o quinqué apagarase e desprenderá un fedor terrible. Farei un esforzo descomunal para tirar outra volta da campaña. Devecerei por vivir e ninguén me valerá. A sede polo descoñecido que até entón me acompañou, de pronto estará ausente. Ai, Deus, permíteme quedar entre o coñecido, até cansar de todo. Estarei en paz comigo mesmo. Unha dor agónica, acoramento... E asemade a terra, os campos, o regato cos riarengos e a barranca ao fondo, o recendo a humedén tras a choiva, a luz matinal a través da xanela da miña alcoba, a calor da cheminea que disipa o xélido aire... Acaso será todo engulido polas tebras?

As tebras... as tebras... Non hai dor, só tebras. Cruzarei a escuridade; o meu pensamento permanecerá no negror, pero coa sensación constante de que avanzo.

Antes de que chegue ese momento, gustaríame consagrar as miñas últimas horas de serenidade, os meus derradeiros azos, ao relato da miña estraña experiencia. Nunca me entreguei de cheo a ningún ser humano, nunca sentín unha especial confianza ou afinidade

